

1 O microprocesador

O **Microprocesador** ou Unidade Central de Procesamento (**CPU** - *Central Processing Unit*) é un **circuito integrado** que serve como *cerebro* da computadora. No interior deste compoñente electrónico existen millóns de **transistores** integrados formando un único circuito denominado **die**.

Actualmente, os principais fabricantes de microprocesadores son **Intel** (**Intel Core, Pentium, Celeron, Xeon, Xeon Phi, Itanium, Atom e Quark**) e **AMD** (**AMD Ryzen, Athlon, A-Series, G-Series, R-Series, FX, EPYC e Opteron**) para servidores, ordenadores persoais e portátiles; para móbiles os **Apple** (**A-Series, S-Series, W-Series e T-Series**), **Mediatek**, **Nvidia** (**Tegra**), **Samsung** (**Exynos**) e **Qualcomm** (**Snapdragon**).

Como se pode ver no apartado das placas base *zócalos para o microprocesador*, a conexión coa placa pode ser de tipo **socket** ou de tipo **slot**, pero sempre cumprindo que se trate dun conector de tipo ZIF (*Zero Input Force*).

1. **Introdución e características principais dos microprocesadores**
2. **Evolución dos microprocesadores**
3. **Conexión do microprocesador na placa**
4. **Principais fabricantes de microprocesadores**

---Volver